

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), A SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA), A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA E SERVIZOS DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E A SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA (CLUERGAL), PARA A POSTA EN MARCHA DO FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR DAS ENERXÍAS RENOVABLES E A SÚA CADEA DE VALOR (BUSINESS FACTORY ENERGY - BFE)

Dunha parte, MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, **Igape**), por razón do seu cargo de presidenta e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica; do Instituto Enerxético de Galicia (en diante, **Inega**), por razón do seu cargo en virtude do disposto no artigo 11 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro polo que se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia; e de XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, **Xesgalicia**), na súa calidade de presidenta do seu Consello de Administración, en virtude do disposto no artigo 20 dos seus estatutos.

Doutra parte, Justo Sierra Rey, con DNI [REDACTED], en calidade de presidente da ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (en diante, **ASIME**), rexistrada na Dirección Xeral de Relacións Laborais con CIF G36614774 e domicilio en Rúa Doctor Corbal, nº 51, 36207 Vigo, en uso das atribucións que lle foron concedidas mediante nomeamento como Presidente en Asamblea Xeral, por escritura de elevación a público da Notaría Reconquista, número oitocentos noventa e cinco, do 23 de marzo de 2023.

Doutra parte, José Ramón Franco Caaveiro, con DNI [REDACTED], en calidade de presidente da ASOCIACIÓN CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA E SERVIZOS DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E A SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA (en diante, **CLUERGAL**), rexistrada na Dirección Xeral de Relacións Laborais con CIF G70284120 e domicilio na rúa Edificio Cis Galicia, A Cabana s/n, 15591 Ferrol, en uso das atribucións que lle foron concedidas tras a elección como presidente da Asociación o 19 de abril de 2023 e facultado para este acto en virtude do artigo 20 dos estatutos da Asociación.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o Igape é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Entre as empresas participadas por Igape atópase XesGalicia, a cal é unha empresa pública que, desde o ano 1999, financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas; outorga, como complemento, préstamos participativos ou préstamos ordinarios a longo prazo a empresas participadas, o que realiza a través da xestión e administración de diferentes e específicos fondos de investimento e dunha sociedade de capital risco.

II. Que o INEGA é un ente público adscrito á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para promover e coordinar o desenvolvemento Enerxético en Galicia. Os obxectivos básicos da



axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se for o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

II. Que ASIME é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade, que representa ás empresas do sector metal galego e ás súas tecnoloxías asociadas, entre os seus asociados atópanse entre outras empresas industriais e tecnolóxicas vencelladas coa fabricación, produción ou instalación de elementos para a actividade industrial e de enerxía, como por exemplo empresas fabricantes de elementos para a eólica terrestre, para a eólica mariña, hidróxeno, etc. Son fins da Asociación, a xestión, defensa e coordinación dos intereses comúns dos seus membros, tal como recollen os seus estatutos. Entre as súas funcións destacan a promoción, fomento e execución de accións en materia de comercio interior e exterior, a Seguridade Industrial, a formación, a colaboración en proxectos de I+D+i e competitividade, etc.

III. Que CLUERGAL é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de figurar que representa ás empresas da industria e servizos de apoio ao desenvolvemento de enerxías renovables e a sostibilidade enerxética. O obxectivo, entre outros, e o desenvolvemento da industria e servizos do sector das enerxías renovables, a colaboración público privada e favorecela existencia de recursos humanos altamente capacitados.

IV. Que a Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

V. Que a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

VI. Que a visión definida pola RIS3 Galicia 21-27 concreouse en tres retos e tres prioridades. Os tres retos son: Reto 1 - Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación; Reto 2 - Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento; e Reto 3 - Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación. As tres prioridades son: Prioridade 1 - Sustentabilidade; Prioridade 2 - Dixitalización; e Prioridade 3 - Enfoque cara ás persoas.

VII. Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, consonte o establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico



na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación en Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

Este programa alíñase tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, cos seus retos 1 (Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) e 2 (Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento) e coa prioridade 1 (Sostibilidade). Asemade, contribúe ao obxectivo estratéxico 2, integrándose, polo tanto, no programa Innova e emprende da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Innovación e emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

VIII. Consonte os antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta do evidente beneficio que actividades como as desenvoltas por este tipo de programas reportan ao conxunto da sociedade, Igape, Xesgalicia, ASIME e CLUERGAL teñen interese en axuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en prol da potenciación de programas de emprendemento e innovación que, grazas as súas experiencias noutras iniciativas de fomento e apoio ao emprendemento, deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na posta en marcha do Foco de Emprendemento no Sector das Enerxías Renovables e a súa cadea de valor (**BUSINESS FACTORY ENERGY - BFE**) e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio consonte as seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e recursos

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para a posta en marcha do Foco de Emprendemento no Sector das Enerxías Renovables e a súa cadea de valor (**BUSINESS FACTORY ENERGY - BFE**) que implemente programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector das enerxías renovables e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Co propósito de que BFE sexa un programa referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector, contéplase a colaboración cos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de innovación vertical no sector das enerxías renovables en Galicia, que achegue os seguintes recursos:



- a) Recursos humanos para a xestión e dinamización da BFE.
- b) Recursos económico-financeiros.
- c) Infraestruturas físicas adecuadas para as accións a desenvolver.
- d) Equipamento tecnolóxico e medios e servizos técnicos especializados para a realización de probas, análises e validación para o desenvolvemento dos produtos.
- e) Recursos de coñecemento: formación, coaching e mentorización personalizada.
- f) Servizos de asesoramento e apoio en materia de negocio, administración de empresas e financiamento, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, e comercialización entre outros.
- g) Contacto con compañías líderes que faciliten acceso aos mercados, validación da proposta de valor e o modelo de negocio, financiamento, tecnoloxías e networking, entre outros.
- h) Apertura e colaboración con ecosistemas nacionais, internacionais, públicos e privados, de emprendemento, sustentabilidade, innovación, ciencia, tecnoloxía, investimento, academia, etc.

Segunda. Planificación da BUSINESS FACTORY ENERGY - BFE

O presente convenio contempla a realización de tres edicións distribuídas nos anos 2026, 2027 e 2028. As edicións organizaranse nas seguintes actividades, que se detallan na cláusula terceira:

- 1. Definición de retos para cada convocatoria de acordo coa estratexia definida na BFE.
- 2. Lanzamento de convocatoria e difusión a nivel autonómico, estatal e internacional.
- 3. Selección dos proxectos con maior potencial de incubación, aceleración e consolidación.
- 4. Execución dos itinerarios: Incubación, Aceleración, Consolidación.
- 5. Finalización.
- 6. Medición do impacto de programa en base a os KPIs definidos, segundo o anexo VI.

Terceira. Desenvolvemento da BUSINESS FACTORY ENERGY - BFE

Segundo a planificación indicada na cláusula segunda, cada edición de BFE constará das seguintes actividades, que se desenvolverán segundo se explica a continuación:

Actividade 1: Definición de retos para cada convocatoria de acordo coa estratexia definida na BFE

O Equipo Xestor ocuparase de propoñer os retos en cada un dos eidos que orientarán as diferentes edicións da BFE, e que serán aprobados polo Consello Executivo. Estes retos defínense como oportunidades ou necesidades existentes para potenciar as enerxías renovables e a industria enerxética para os que se considera preciso atopar solucións a través da innovación aberta e o emprendemento innovador.

O proceso metodolóxico para a identificación de retos e oportunidades do sector estrutúrase en dúas fases: diagnóstico de necesidades e definición de retos.

Fase 1: Diagnóstico de necesidades

- **Dinámica de *design thinking*:** O Equipo Xestor organizará unha dinámica aberta ás empresas do sector das enerxías renovables co obxectivo de identificar retos, oportunidades ou



problemas existentes no sector das enerxías renovables para os que se considera preciso atopar solucións a través da innovación aberta e o emprendemento.

- **Análise de tendencias:** Como acción complementaria á dinámica aberta, levarase a cabo unha análise exhaustiva do mercado para comprender as oportunidades, desafíos e tendencias, así como as innovacións tecnolóxicas emerxentes no ámbito emprendedor do sector das enerxías renovables, que axudará á BFE a seleccionar as startups máis prometedoras, e permitirá deseñar programas de aceleración máis efectivos e facilitar o contacto das startups cos recursos e contactos máis adecuados.

Fase 2: Definición de retos

- **Retos específicos:** Definiranse os retos específicos que sexan relevantes e críticos para as empresas no ámbito enerxético. Estes retos poden abarcar desde o desenvolvemento de novas tecnoloxías ata a optimización de procesos e a mellora da xestión enerxética.
- **Descrición clara:** Cada reto definido describirase de maneira clara e precisa, incluíndo os obxectivos, os recursos necesarios para o seu éxito e as restricións de partida.

Os retos definidos serán validados polo Comité de Entidades Tractoras e aprobados polo Consello Executivo.

Esta actividade 1 realizarase para cada unha das convocatorias previstas.

Actividade 2: Lanzamento de convocatoria e difusión a nivel autonómico, estatal e internacional.

Realizaranse convocatorias para cada edición nestes períodos (orientativamente):

- Primeira edición: 3º trimestre 2026 (convocatoria 1).
- Segunda edición: 1º trimestre 2027 (convocatoria 2).
- Terceira edición: 1º trimestre 2028 (convocatoria 3).

O proceso metodolóxico para a realización da convocatoria e a súa difusión desenvolverase nas seguintes fases:

Fase 1: Lanzamento da convocatoria

O Equipo Xestor será o encargado de definir unha convocatoria clara, atractiva e orientada aos obxectivos propios da BFE e será coherente cos retos previamente definidos. A convocatoria establecerá toda aquela información necesaria para seleccionar os proxectos que participarán nas respectivas edicións nas fases de incubación, aceleración e consolidación. A convocatoria será aprobada polo Consello Executivo con carácter previo ao seu lanzamento.

Fase 2: Difusión e captación

Para difundir a BFE e cada unha das convocatorias, definirase un plan de comunicación eficaz para a difusión dos programas e captación dos proxectos. O contido do plan de comunicación será aprobado polo Consello Executivo e deberá ser suficientemente amplo coma para abarcar:

- Lanzamento e captación de convocatoria por edición.
- Inicio de edición.
- Peche de edición.



A fase de captación para cada unha das edicións terá unha duración estimada de 3 meses.

Actividade 3. Selección dos proxectos con maior potencial de incubación, aceleración e consolidación.

O obxecto desta fase é incorporar a **BFE**, en cantidade e con calidade suficiente, ideas e proxectos con potencial para afrontar os retos expostos e superar as fases de incubación, aceleración ou consolidación, e cumprir cos obxectivos da **BFE**.

Nesta actividade valoraranse todos aqueles proxectos que cumpran os termos e condicións fixados nas bases da convocatoria, e que serán aprobadas polo Consello Executivo.

A selección terá lugar en tres pasos de avaliación:

1. Cumprimento das condicións administrativas contidas nas bases reguladoras, o que será avaliado polo Equipo Xestor, o cal poderá requirir a emenda da documentación presentada se esta fose incorrecta.
2. Calidade técnica, tecnolóxica e comercial do proxecto e adecuación do equipo humano para a súa posta en marcha con garantías, o que será avaliado polo Consello Executivo, quen poderá solicitar informe de terceiros expertos.
3. Competencias e habilidades do equipo humano que conforman os proxectos, que será avaliado no **Startup Day** que integrará diferentes dinámicas orientadas a coñecer as fortalezas e debilidades dos equipos promotores.

Seleccionaranse ata 30 proxectos que cumpran os termos e condicións fixados nas bases da convocatoria. Posteriormente se realizará unha entrevista persoal coa finalidade de verificar a madurez técnica, tecnolóxica e comercial do proxecto e adecuación do equipo humano para a súa posta en marcha con garantías.

Tras a realización das devanditas entrevistas, seleccionaranse ata 20 proxectos que participarán no evento Startup Day de presentación orientado a avaliar as habilidades e capacidades do equipo humano integrante de cada un dos proxectos candidatos participantes.

No caso de que sexan 20 proxectos ou menos os que se presenten, pasarán directamente ao Startup Day, sempre que cumpran as condicións técnicas e administrativas mínimas de participación.

Tras esta xornada, seleccionárase un máximo de proxectos para cada unha das fases de incubación, aceleración e consolidación, sendo o total de proxectos apoiados por convocatoria;

- **Convocatoria 1:** Ata un máximo de 8 proxectos.
- **Convocatoria 2:** Ata un máximo de 10 proxectos.
- **Convocatoria 3:** Ata un máximo de 10 proxectos.

Na seguinte táboa amósase a distribución dos proxectos por cada unha das fases de cada convocatoria da BFE.

Itinerario	Convocatoria 1	Convocatoria 2	Convocatoria 3
Incubación	4	4	4
Aceleración	4	4	4
Consolidación	-	2	2

Táboa - 1 Distribución dos proxectos en función do itinerario e convocatoria



A selección definitiva dos proxectos participantes será aprobada polo Consello Executivo, que determinará de forma definitiva, en función das necesidades identificadas, a distribución dos proxectos por cada unha das fases previstas de incubación, aceleración ou consolidación.

A selección de proxectos realizarase mediante un procedemento de concorrência competitiva, conforme aos principios establecidos no artigo 5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A concesión das axudas deriva directamente deste proceso de selección de proxectos sen necesidade de tramitar un novo procedemento competitivo.

Fase 3: Desenvolvemento dos itinerarios

Actividade 4: Itinerarios: Incubación, Aceleración, Consolidación.

Dependendo do estado de madurez no que se atopen os proxectos, estes poderán optar á fase de incubación, aceleración ou á de consolidación. O obxectivo de cada unha das fases e a inclusión nunha ou outra fase determinarase segundo segue:

- **Incubación:** Tratarase de dar apoio a proxectos nunha primeira etapa, en fase temperá que se atopan entre o nacemento da idea, a realización dunha proba de concepto e a validación do modelo de negocio. Non se financiarán proxectos que non creen ou comprometan a creación dunha empresa con razón social e fiscal en Galicia durante o período de incubación.

O programa de incubación, **cunha duración máxima estimada de 12 meses**, terá por obxectivo básico analizar a viabilidade empresarial da idea de negocio, desde a concepción ou ideación ata a consecución dun plan de negocio, de acordo cos seguintes pasos:

- Validación da necesidade identificada.
- Análise de viabilidade, factibilidade e desexabilidade.
- Deseño da proposta de valor e encaixe da mesma co público obxectivo.
- Deseño dun modelo de negocio.

- **Aceleración:** Centrada en dar apoio a proxectos con alta capacidade de desenvolvemento, durante o transcurso do programa, dun produto mínimo viable (PMV) ou aquelas empresas que teñan unhas vendas iniciais e capacidade de crecemento, cun modelo de negocio validado. Financiaranse proxectos que creen ou se comprometan á creación dunha empresa con sede social e fiscal en Galicia ou a proceder a apertura dun centro de traballo en Galicia durante o período de aceleración.

O programa de aceleración, **cunha duración máxima estimada de 12 meses**, terá por obxectivo básico axilizar o proceso de desenvolvemento dos proxectos, partindo dunha idea xa validada ata a consecución dun produto ou servizo comercializable, de acordo cos seguintes pasos:

- Validación da idea e do modelo de negocio.
- Desenvolvemento dun produto mínimo viable (PMV).
- Execución dun proceso iterativo (proba de concepto) con clientes representativos.
- Atracción de investimento público e privado.
- Consecución de primeiros pedidos comerciais.

- **Consolidación:** os proxectos están nunha fase avanzada de evolución. Son proxectos que teñen un produto ou servizo desenvolvido e vendas reais. Contan cun modelo de negocio



estruturado e con posibilidade de ser escalado. Estarán promovidos por sociedades xa constituídas, cunha antigüidade máxima xa descrita no apartado anterior.

O programa de consolidación, cunha **duración máxima estimada de 9 meses**, terá por propósito principal axilizar a conversión dos proxectos en modelos de negocio estables, de acordo cos seguintes pasos:

- Planificación de escalado e internacionalización.
- Consecución dun produto ou servizo desenvolvido.
- Consecución de vendas e ingresos recorrentes.
- Atracción de inversión pública e privada.

Os servizos e actividades previstos que recibirán os proxectos ou empresas participantes serán, cando menos, os seguintes:

- **Titorización:** Cada proxecto contará cun titor/a xeral que se ocupará de acompañalo ao longo da súa participación no programa e axudalo na orientación estratéxica e na definición da proposta de valor do seu proxecto.
- **Mentorización:** Cada proxecto contará cun ou varios mentores de especialización e experiencia no sector das enerxías renovables e outras especializadas de interese, seleccionados para responder as necesidades específicas de cada proxecto.
- **Titorización proba de concepto:** Cada proxecto contará cun profesional dunha empresa tractora no sector das enerxías renovables para aportarlle orientación estratéxica e apoialo no alíñamento do proxecto co reto específico seleccionado.
- **Mentorización proba de concepto:** Cada proxecto contará cun mentor/a tecnolóxico ou especializado no ámbito específico do proxecto que lles acompañará durante esta fase de validación conceptual nun escenario real.
- **Formación:** Poñerase a disposición dos proxectos un programa de alto rendemento que ten como obxectivo capacitar aos equipos promotores en xestión, dirección e especialización sectorial.
 - **Capacitación en competencias transversais:** negocio, comunicación, finanzas, xestión, etc.
 - **Formación específica** adaptada ás necesidades de cada proxecto: especialización sectorial, clientes e mercados obxectivos, desenvolvemento tecnolóxico, programas dixitais específicos, etc.
 - **Talleres grupais** impartidos por expertos de prestixio no ámbito nacional e internacional.
- **Actividades Networking:** actividades conxuntas no que os proxectos participantes poidan compartir experiencias, colaborar e relacionarse con outros axentes de interese a través de sesións de exposición, visitas a empresas e outras accións que permitan establecer contactos e relacións de valor para o proxecto.
- **Acceso a financiamento:** financiamento directo a fondo perdido e posibilidade de captación de financiamento coa participación no evento *Inverstors day*.



Estes servizos non terán por que ser comúns aos diferentes itinerarios e os servizos definitivos a prestar en cada un deles deberán de quedar recollidos nas bases de cada unha das convocatorias, explicadas na cláusula cuarta, e que establecerán as esixencias a satisfacer polos proxectos durante a súa participación na BFE.

En cada un dos itinerarios, poderanse establecer fitos axustados a cada proxecto asociados á recepción do financiamento definido na cláusula sétima, financiamento que poderá ser complementado cos fondos que cada proxecto consiga no *Investors Day* co que se prevé finalizar cada edición.

Como resultado das fases de aceleración e consolidación, os proxectos elaborarán un plan de negocio completo e adaptado aos traballos realizados no itinerario no que participaran, e que servirá de base para a solicitude de financiamento a investidores públicos e privados en eventos organizados ou mediante canles facilitadas pola BFE.

Fase 4: Finalización e seguimento

Actividade 5: Seguimento do impacto de programa e finalización.

Esta actividade está enfocada á coordinación, seguimento do impacto e avaliación continua das actividades da BFE.

Unha vez finalizada cada un dos itinerarios, o Equipo Xestor encargarse do seguimento do programa BFE, levando a cabo, entre outras, as seguintes tarefas:

- Planificación e seguimento do conxunto de tarefas e actuacións necesarias para a posta en marcha e lanzamento do programa BFE.
- Deseño dunha programación rigorosa das actividades de captación, difusión e execución dos distintos itinerarios da BFE.
- Facer un seguimento das actividades de comunicación, incubación, aceleración e consolidación.
- Coordinar e xestionar o programa BFE ao longo do período de contratación.
- Avaliación e impacto do programa BFE, para o que se terán en conta os KPIs presentados no Anexo VI.
- Xustificación técnica e económico-financeira da BFE

O equipo xestor realizará un informe que elevará a Consello Executivo para a súa avaliación e aprobación se procede.

Cuarta. Bases do programa BFE

O funcionamento operativo de cada unha das convocatorias do programa BFE establecerase nas bases da convocatoria que terán o seguinte contido mínimo:

- Requisitos para poder participar na convocatoria e forma de acreditarlos, respectando en todo caso os mínimos recolleitos na cláusula quinta.
- Criterios obxectivos de selección.
- Procedemento de selección.



- Prazo e forma de presentación de solicitudes.
- Medio de notificación e comunicación cos participantes.
- Causas de exclusión.
- Compromisos derivados da participación.
- Protocolo de expulsión.

As bases de cada convocatoria serán aprobadas e/ou actualizadas previamente polo Consello Executivo da BFE e publicaranse coa apertura de cada convocatoria.

Quinta. Condicións básicas dos proxectos participantes

Poderán participar na BFE aqueles proxectos que así o soliciten e cumpran os seguintes criterios mínimos de elixibilidade:

Ámbito dos proxectos: sector e retos

De xeito xeral, a BFE estará aberta a todos aqueles proxectos de carácter innovador pertencentes ao sector das enerxías renovables ou que contén cunha proposta de valor relacionada. Neste marco global, os proxectos deberán dar resposta especificamente a cuestións máis concretas definidas a través dos retos establecidos nas bases de convocatoria.

Natureza dos proxectos

Poderán participar na BFE emprendedores/as, EIBTs, Startups, Spin-outs e spin-offs que promovan un proxecto de carácter innovador vinculado ao sector das enerxías renovables.

De xeito máis concreto poderán participar:

- No programa de incubación: proxectos cunha idea de negocio cuxos promotores creen ou se comprometan a crear unha empresa con razón social e fiscal en Galicia nun prazo determinado durante o período de incubación.
- No programa de aceleración: Sociedades xa constituídas e cun centro de traballo en Galicia, ou ben promotores que se comprometan á creación dunha empresa/centro de traballo en Galicia nun prazo determinado dentro do período de aceleración.
- No programa de consolidación: Sociedades xa constituídas, con alta capacidade de crecemento, e con sede social o cun centro de traballo en Galicia.

En caso de sociedades xa constituídas, terán unha antigüidade máxima de 5 anos, podendo alcanzar os 7 anos de antigüidade nos casos especificados no artigo 3 da Lei 28/2022, de 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes.

Outros requisitos de elixibilidade:

- Cada proxecto deberá estar representado por, polo menos, unha persoa que será a encargada de participar nas actividades e programas da BFE.
- Todos os membros do equipo promotor deberán ser maiores de idade.
- Cada participante poderá concorrer a tantas candidaturas considere oportuno, coa limitación de que só poderá optar á elixibilidade dunha única candidatura.



- As persoas promotoras deberán ser as autoras intelectuais das ideas que presentan ou, no seu defecto, non facer uso de propiedade intelectual e/ou industrial de terceiros sen os permisos correspondentes.
- O equipo promotor solicitante deberá asignar, como mínimo, unha persoa como representante permanente do proxecto ao longo de todas as fases do programa, podendo participar posteriormente unha persoa adicional, que poderá variar en función do tipo de actividades.
- A persoa representante permanente do proxecto ao longo de todas as fases dos programas da BFE non poderá participar, en ningún caso, noutros programas de características semellantes (incubación/aceleración/consolidación). Neste sentido, as iniciativas e empresas participantes deberán asignar unha persoa nova diferente das que teñen asignadas a outros programas.

As bases do programa que se publiquen en cada edición poderán establecer condicións adicionais.

Dependendo da fase de desenvolvemento na que se atopen as empresas, poderán optar á fase de incubación, aceleración e consolidación. A inclusión nunha ou noutra fase do programa determinarase polo Consello Executivo e acordarase durante o proceso de selección podendo variar con respecto á solicitude inicial do proxecto, se as súas condicións técnicas así o aconsellan.

Sexta. Formalización da participación dos proxectos en BFE

A participación na convocatoria suporá que o equipo do proxecto acepte as bases do programa sen excepcións nin condicionantes, así como calquera resolución que poida tomar calquera dos órganos descritos na cláusula oitava.

Unha vez que os proxectos superen o proceso de selección e acepten as condicións de participación no itinerario de incubación, aceleración ou consolidación, asinarán:

- **Un Acordo Marco** que recollerá os compromisos asumidos por todos os asinantes deste convenio co proxecto seleccionado na súa participación nos programas de incubación, aceleración ou consolidación. Como mínimo, este acordo establecerá o seguinte:
 - A adscrición do proxecto a unha das tres modalidades, de incubación, de aceleración ou de consolidación.
 - Plan de Incubación, Aceleración ou Consolidación, segundo o caso, e o compromiso de cada entidade asinante do convenio para a execución do devandito plan conforme ás necesidades previsibles.
 - Os fitos avaliábeis que deba cumprir o proxecto no seu itinerario de incubación, aceleración ou consolidación.
 - As normas para garantir a unidade de acción de todas as entidades financiadoras públicas e/ou privadas.
 - Os procedementos de finalización do Acordo Marco e da saída do proxecto da BFE.
 - As condicións de expulsión, onde se definirán tres niveis de incumprimento.



- **Os acordos de financiamento**, que serán tantos como entidades financiadoras decidan financiar o proxecto seleccionado. Neste sentido, todos os acordos estarán referidos ao Acordo Marco, que establecerá os mecanismos de coordinación necesarios para garantir a unidade de acción, pero poderán establecer dereitos e obrigacións de maneira bilateral entre a entidade financiadora e o proxecto.

Sétima. Financiamento dos proxectos participantes

Os proxectos ou empresas seleccionadas en algún dos itinerarios da BFE, serán apoiados cunha subvención a fondo perdido segundo o especificado a continuación:

- Fase de Incubación: 25.000 euros.
- Fase de Aceleración: 25.000 euros.

O financiamento quedará formalizado nun acordo ou convenio que se asinará entre o Igape e a entidade beneficiaria, segundo o establecido na cláusula sexta do presente convenio.

Ademais, Xesgalicia, para cada unha das empresas da fase de aceleración e consolidación, poderá achegar financiamento tanto a través da participación en capital como en forma de préstamo participativo con opción a capitalización ata un máximo de 50.000€ na fase de aceleración e 250.000€ na fase de consolidación. O importe do financiamento estará condicionado a que outros financiadores ou os socios acheguen polo menos o mesmo financiamento ao proxecto, así como superar o proceso de análise do investimento realizado polo equipo de Xesgalicia.

Finalmente, os proxectos poderán conseguir financiamento adicional por medio de primeiros pedidos realizados polas empresas do Consello de Entidades Tractoras, que terán preferencia fronte a outros clientes potenciais. A contía e condicións destes primeiros pedidos dependerán da negociación bilateral que se estableza entre o proxecto e a empresa.

Oitava. Órganos de decisión e xestión

Para o correcto funcionamento de BFE é preciso establecer un sistema de gobernanza capacitado que poida controlar e regular o funcionamento da iniciativa, garantir a toma de decisións, minimizar os riscos, velar pola calidade dos servizos e compromisos propostos e asegurar a máxima eficiencia de todas as operacións a levar a cabo no contexto do programa. Para ese efecto, contéplase que este sistema de gobernanza se estructure nos seguintes órganos:

1. Consello executivo: órgano de decisión para calquera aspecto que afecte o funcionamento da iniciativa. Estará presidido polo Igape e contará con representación das seguintes entidades: IGAPE, INEGA, ASIME, CLUERGAL e un representante das entidades tractoras, que será elixido polo Consello de Entidades Tractoras. O número de representantes por entidade será o que se mostra a continuación:

- IGAPE: 2 membros.
- INEGA: 1 membro.
- ASIME: 1 membro.
- CLUERGAL: 1 membro.
- Consello de Entidades Tractoras: 1 membro, con voz pero sen voto.

O Consello Executivo terá, entre outras, as funcións que se detallan a continuación:

- Decidir acerca da orientación estratéxica do programa **BFE**.
- Ratificar os retos definidos polo **Equipo Xestor**.



- Aprobar as bases e convocatorias para a realización das convocatorias públicas de captación e *matching* de proxectos.
- Aprobar os gastos e inversións en equipamentos e servizos técnicos necesarios achegada polo Equipo Xestor ao catálogo de medios e servizos técnicos da BFE.
- Realizar o seguimento do progreso do traballo técnico que afecte o programa BFE.
- Aprobar os gastos xerais reais e as previsións de gasto para cada período económico.
- Propoñer a inclusión ou exclusión dun axente ou empresa.
- Efectuar a selección final de proxectos participantes nas fases de incubación, aceleración e consolidación a proposta do Equipo Xestor.

Observaranse as seguintes **incompatibilidades** co exercicio das súas funcións:

- Os membros do Consello Executivo non poderán participar como promotores ou integrantes dos proxectos seleccionados.
- No caso de tratarse de persoal adscrito ás súas entidades respectivas, requirirase consentimento expreso da totalidade dos integrantes do Consello.

O funcionamento do Consello Executivo farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia. No obstante, atenderase as seguintes consideracións:

- **Reunións:** celebraranse reunións con periodicidade cuatrimestral. A pedimento do Equipo Xestor, poderanse realizar reunións extraordinarias mediante previa convocatoria con, polo menos, 15 días de antelación, acompañada por unha proposta de orde do día. Este será aceptado salvo que algunha das partes notifique por escrito ao Consello Executivo algún punto adicional a tratar con, polo menos, cinco días de antelación respecto da data da reunión.

As actas das reunións do Consello Executivo enviaranse ás partes nun período non superior aos 15 días posteriores á data da reunión.

- **Toma de decisións:** calquera decisión que deba ser sometida a votación nas reunións do Consello Executivo da BFE deberá ser incluída na orde do día da convocatoria da reunión. As decisións adoptaranse por unha maioría que represente o 51% dos votos, presentes ou representados. En caso de empate, o presidente do Consello Executivo terá un voto decisivo.
- **Representación:** calquera membro do Consello Executivo poderá ser representado por outro membro mediante un poder de representación por escrito.

2. Equipo xestor: Asime e Cluergal serán as entidades que actúen como Equipo Xestor do programa. O rol do Equipo Xestor consistirá en levar a cabo todas as actividades relativas á planificación, execución e control da iniciativa para asegurar os plans e obxectivos fixados. En concreto, encargarase de:

- Supervisión e control do avance do programa.



- Desenvolvemento e execución do plan operativo.
- Proposta ao Consello Executivo da realización das convocatorias públicas de captación e matching de proxectos.
- Xestión económico-administrativa do programa.
- Definición e execución do Plan de Calidade e Control.
- Definición e execución do Plan de Comunicación.
- Xestión de recursos.
- Elaboración dos informes de seguimento e do informe final para a súa análise e toma de decisións no Consello Executivo.
- Organización de reunións.
- Resolución de incidencias.
- Representación en todas as reunións e comités que o Consello Executivo considere.
- Supervisión e coordinación das entidades colaboradoras contratadas para levar a cabo tarefas de formación, mentoring e coordinación do catálogo de medios e servizos técnicos.
- Coordinación das entidades contratadas para a xestión e organización das fases de incubación, aceleración e consolidación.
- Asesoramento e apoio ao Consello Executivo cando así sexa requirido.
- Captación e coordinación de entidades do sector público ou privado que poidan achegar valor ao programa e integrarse no Consello de Entidades.
- Captación e coordinación da participación de avaliadores externos independentes que integren o Tribunal de Selección nos procesos de avaliación das candidaturas presentadas.
- Supervisión dos Acordos Marco que se asinen con cada un dos proxectos participantes.
- Definición dos retos que orientarán cada unha das convocatorias.
- Participación na avaliación dos proxectos candidatos a participar e adecuación dos seus respectivos equipos para garantir que a súa participación nos programas de incubación, aceleración ou consolidación dará os resultados esperados. Encargarase do proceso de selección de proxectos, elevará ao Consello Executivo a proposta de proxectos a seleccionar.
- Votación da exclusión dalgún dos proxectos participantes, o que deberá ser ratificado polo Consello Executivo.
- Supervisión da evolución de todos os proxectos participantes nos programas de incubación, aceleración e consolidación, e definición das medidas de corrección que se estimen oportunas.



Os membros do Equipo Xestor non poderán participar como promotores e/ou integrantes dos proxectos seleccionados nin prestar ningún tipo de servizo externo requirido para o programa BFE.

3. Consello de Entidades: formado por empresas tractoras dos sectores de interese da BFE, e outras empresas e entidades relacionadas coas tecnoloxías e solucións para estes sectores: universidades, centros tecnolóxicos, asociacións empresariais relacionadas, e outras entidades públicas ou privadas con coñecemento, medios e/ou infraestruturas que acheguen valor aos proxectos participantes en BFE e subscriban o acordo do anexo I do presente convenio.

Este Consello terá como funcións:

- a) Definir os retos que orientarán cada unha das convocatorias da BFE. Os retos poderán ser propostos por calquera das empresas membro, pero deberán ser aprobados mediante votación.
- b) Participar na avaliación dos proxectos candidatos e na adecuación dos seus respectivos equipos para garantir que a súa participación nos itinerarios de incubación, aceleración ou consolidación dará os resultados esperados.
- c) Propoñer a exclusión dalgún dos proxectos participantes.
- d) Supervisar a evolución de todos os proxectos participantes nos itinerarios de incubación, aceleración e consolidación, e propoñer as medidas de corrección que se estimen oportunas.

Para mellorar a súa eficiencia, o Consello de Entidades poderá organizarse internamente en comités se fose necesario.

O sistema de funcionamento e toma de decisións será o mesmo que o do Consello Executivo.

O programa BFE non ten personalidade xurídica propia.

Novena. Participación doutros axentes en BFE

Para o desenvolvemento do programa BFE pode resultar necesaria a participación doutras entidades e organismos, de natureza pública e/ou privada, non recollidas no presente convenio. En particular, prevese a realización de acordos de adhesión ao presente convenio coa seguinte tipoloxía de entidades:

- Empresas do sector enerxético.
- Entidades de financiamento: venture capital e bancos.
- Partners Internacionais do sector das enerxías e emprendemento.
- Centros de coñecemento colaboradores.
- Outras institucións (Universidades...)

A participación destes axentes poderá formalizarse mediante acordos específicos ou adhesións ao programa, e a súa colaboración será coordinada polo Equipo Xestor, que garantirá o seu aliñamento cos obxectivos e estándares da BFE.

En calquera caso, na medida que poden incidir na operativa do programa BFE, a aprobación destes acordos e a subscripción doutros pactos non previstos neste convenio deberá contar coa autorización do Consello Executivo.



Décima. Obrigas de Igape

1. Cofinanciamento do orzamento operativo.
2. Liderado e participación activa nas funcións do Consello Executivo.
3. Financiamento aos proxectos en formato de subvención a fondo perdido de conformidade cos acordos asinados entre as partes, segundo a cláusula sexta.

Décimo primeira. Obrigas de Xesgalicia

1. O estudo e análise das solicitudes de financiamento dos proxectos seleccionados, tanto a través da participación en capital como en forma de préstamo participativo con ou sen opción a capitalización, segundo o establecido nas cláusulas sétima e décimo cuarta e sempre que cumpra as condicións e requisitos que para ese efecto se establezan por Xesgalicia.
2. A participación activa nas funcións dos Comités ou Consellos dos que fora designado membro.

Décimo segunda. Obrigas de ASIME e CLUERGAL

1. Co-liderado e Participación activa nas funcións do Consello Executivo.
2. Xestión do programa BFE a través do Equipo Xestor. Proporcionar o equipo de xestión da BFE composto, polo menos, por dous profesionais.
3. Coordinación de todos os axentes participantes no programa BFE.
4. Captación de proxectos, tanto a nivel rexional como nacional e internacional.
5. A organización e xestión das actividades propias da BFE coma a formación, mentorización, tutorización, proba de concepto e networking no programa BFE ao servizo das empresas seleccionadas.
6. O equipo xestor da BFE facilitará ao Igape todos aqueles datos e información que este considere necesarios para a alimentación do sistema de monitorización das aceleradoras de emprendemento innovador promovidas pola Xunta de Galicia, para facilitar o seguimento por parte de Igape da execución e desenvolvemento do presente convenio en aras de avaliar a eficacia e eficiencia do mesmo, medindo aspectos como o retorno de investimento realizado.
No caso de incumprimento da presente obriga, poderase minorar en ata un 20% a achega económica do Igape para o financiamento operativo e técnico da BFE, feito que se determinará na pertinente comisión de seguimento convocada para tal fin.
7. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar rexistrados na Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Respetar os requisitos de publicidade establecidos pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Décimo terceira. Obrigas de INEGA

1. Co-liderado e Participación activa nas funcións do Consello Executivo.
2. Facilitar un espazo para aloxar a sede inicial da BFE no PIEMAE (CIS GALICIA en Ferrol).

Décimo cuarta. Compromisos de achegas económicas para o financiamento dos proxectos participantes**1. Financiamento de Igape**

Para o financiamento dos proxectos Igape achegará dos seus orzamentos dos anos 2026, 2027 e 2028 a cantidade de 600.000€ da maneira que segue, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7700:

ITINERARIO	1ª edición 2026	2ª edición 2027	3ª edición 2028	TOTAL
Incubación	100.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €	300.000,00 €
Aceleración	100.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €	300.000,00 €
TOTAL	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	600.000,00 €

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do devandito regulamento, o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un estado membro a unha única empresa non excederá a cantidade de 300.000 € durante calquera período de tres anos. Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

En consecuencia, xunto coa documentación xustificativa relacionada no Anexo III deste convenio, o beneficiario terá que presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis* durante os tres anos anteriores.

Igape fará efectivas estas axudas unha vez verificado que se cumpren os requisitos de xustificación establecidos no Anexo III e unha vez que o Consello Executivo certifique a relación de proxectos seleccionados.

Establécese a incompatibilidade das axudas concedidas por Igape a proxectos que participen ou participasen noutros programas de aceleración financiados con fondos de Xunta de Galicia ou que recibisen financiamento de Igape nos devanditos programas.

2. Financiamento de Xesgalicia

Para as fases de aceleración e de consolidación, Xesgalicia poderá financiar mediante a participación no capital social da empresa ou mediante a concesión dun préstamo participativo, con ou sen opción



de capitalización, a cada un dos proxectos seleccionados que superen o proceso de análise do investimento realizado polo equipo e os órganos de decisión de Xesgalicia.

O vehículo de investimento ou financiamento será o Fondo de investimento que mellor se adapte á fase da evolución do proxecto e este apoio estará condicionado a que outros socios, investidores ou financiadores acheguen, polo menos, en achegas dinerarias, a mesma contía ao mesmo.

Con carácter xeral, o importe máximo será de ata 50.000€ na fase de aceleración e de 250.000€ na fase de consolidación. Con todo, estes importes poderán excederse se as características do proxecto así o aconsellan sempre e cando non se excedan os importes asignados globalmente ao Programa nunha mesma anualidade.

As achegas máximas distribuiranse como segue:

ITINERARIO	1ª edición 2026	2ª edición 2027	3ª edición 2028	TOTAL
Aceleración	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	600.000,00 €
Consolidación	0,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	1.000.000,00 €
TOTAL	200.000,00 €	700.000,00 €	700.000,00 €	1.600.000,00 €

Este financiamento será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional, para o mesmo fin, sen que en ningún caso, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo da actividade subvencionada e os límites máximos do financiamento público.

No caso de abandonar, de non cumprir co establecido na convocatoria do programa ou coas condicións establecidas para a súa concesión, ou dun informe negativo de seguimento, dará dereito a Xesgalicia a resolver o financiamento concedido, esixindo o reintegro dos importes desembolsados, e a non realizar os desembolsos pendentes.

No caso de que un proxecto tivese recibido financiamento de Xesgalicia nunha fase concreta, aceleración ou consolidación, ao amparo dun Programa, non poderá recibir financiamento noutro Programa para a mesma fase do mesmo proxecto.

A documentación a presentar a Xesgalicia para a obtención deste financiamento está relacionada no anexo IV deste convenio.

Décimo quinta. Financiamento operativo de BFE: custos de xestión, coordinación e execución

Para o financiamento operativo da BFE, ASIME e CLUERGAL, como responsables da xestión e coas correspondentes responsabilidades en actividades de asesoramento, formación, coordinación, servizos técnicos e apoio na difusión e a captación, asignarán medios e recursos internos e externos para a posta en marcha e o desenvolvemento do programa.

Igape cofinanciará os custos de xestión, coordinación e execución de BFE cunha achega plurianual do 80% dos custos xustificadas por Asime e Cluergal. Estes custos poderán asociarse as seguintes tipoloxías de gastos subvencionables: custos propios, contratacións e subcontratacións de servizos externos e custos indirectos (10% sobre o gasto correctamente xustificado).

Esta achega vai con cargo á partida 09.A1.-741A-6400, cos límites especificados nas táboas seguintes:



GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN TOTAIS	2026	2027	2028	Total (€)
Custos propios	55.227 €	73.636 €	73.636 €	202.499 €
Servizos externos	190.227 €	253.636 €	253.636 €	697.499 €
Custos indirectos (10%)	24.545 €	32.727 €	32.727 €	89.999 €
TOTAIS	270.000 €	360.000 €	360.000 €	990.000 €

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN TOTAIS ACHEGA IGAPE	2026	2027	2028	Total (€)
Custos propios	44.182 €	58.909 €	58.909 €	162.000 €
Servizos externos	152.182 €	202.909 €	202.909 €	558.000 €
Custos indirectos (10%)	19.636 €	26.182 €	26.182 €	72.000 €
TOTAIS	216.000 €	288.000 €	288.000 €	792.000 €

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN TOTAIS ACHEGA ASIME-CLUERGAL	2026	2027	2028	Total (€)
Custos propios	11.045 €	14.727 €	14.727 €	40.499 €
Servizos externos	38.045 €	50.727 €	50.727 €	139.499 €
Custos indirectos (10%)	4.909 €	6.545 €	6.545 €	17.999 €
TOTAIS	54.000 €	72.000 €	72.000 €	198.000 €

Os gastos operativos de execución e xestión da BFEnergy serán repartidos a partes iguais entre as entidades ASIME e CLUERGAL.

Décimo sexta. Vixencia

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata o final da terceira edición da BFE, co límite do 31 de decembro de 2028. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao de vixencia inicial.

Décimo sétima. Comisión de Seguimento do convenio

Para facilitar a execución e desenvolvemento do presente convenio, así como o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes para a súa modificación (que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao presente convenio), polos seguintes membros:

- Igape: 2 membros, un dos cales será o presidente. O Igape poderá estar representado por persoal de seu e/ou de Xesgalicia.
- INEGA: 1 membro.
- ASIME: 1 membro.
- CLUERGAL: 1 membro.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido no presente convenio. Poderá convidarse a participar na devandita comisión a cantos expertos ou asesores se considere oportuno.

No marco desta Comisión validarase a selección de proxectos efectuada segundo o previsto na cláusula Terceira do convenio.



O funcionamento da Comisión de Seguimento producirase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo oitava. Causas de resolución

O convenio extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- f) Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

Décimo novena. Publicidade

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao amparo deste convenio e as entidades destinatarias desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos das entidades e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte de Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

Xesgalicia, ASIME e CLUERGAL deberán fornecer toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obrigación serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

As partes asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



Vixésima. Inexistencia de relación laboral

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e ningunha das entidades asinantes deste convenio.

Vixésimo primeira. Deber de segredo e confidencialidade

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos e informacións que obteñan en virtude da execución deste convenio e, en particular, toda a información á que teñan acceso en relación cos proxectos participantes en BFE.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de sinatura deste documento, salvo consentimento expreso e mancomunado dos asinantes do convenio.

Os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorporaranse ao correspondente ficheiro titularidade de cada un dos promotores: ASIME con CIF G36614774, CLUERGAL con CIF G70284120, Instituto Galego de Promoción Económica con CIF Q-6550010-J e Xesgalicia con CIF A-15.674.203.

Os promotores levarán a cabo un tratamento dos devanditos datos para o fin, exclusivamente, de avaliar e valorar os proxectos presentados, de xestionar a súa participación no programa e de difundilo e facer promoción pública deste. Os promotores non recollerán, utilizarán nin revelarán información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que os participantes dean o seu consentimento ou haxa algún deber legal.

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE/BOE nº 294, do 6 de decembro), ningunha das entidades participantes en BFE nin ningún dos seus representantes poderán facer ningún tratamento dos datos persoais aos que en virtude do disposto neste convenio puidesen ter acceso.

A marxe do anterior, queda expresamente prohibida a utilización polas partes dos datos persoais aos que potencialmente puidesen ter acceso.

As obrigacións desta sección non supoñen ningunha restrición ás partes para poder cumprir cos deberes legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade governamental.

Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración deste convenio, ou que pase a selo con posterioridade a leste, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

Vixésimo segunda. Autorizacións

Xesgalicia, ASIME e CLUERGAL consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes das persoas asinantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, sabendo que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do



contido dos rexistros antes citados, na Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, situado no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se abone o pago, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización a Igape para solicitar o NIF e as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de corrección, despois de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de corrección da documentación.

Vixésimo terceira. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do programa.

Vixésimo cuarta. Cesión

Os dereitos e as obrigacións asumidas por cada unha das partes baixo este convenio non poderán ser cedidos a terceiras persoas sen consentimento previo e por escrito das outras partes. Para estes efectos enténdese por terceiras persoas aquelas que non estean vinculadas organicamente ás partes.

Vixésimo quinta. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De conformidade co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Vixésimo sexta. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 1/2016,



do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de firma tomándose como data de firma a do último asinante.

A presidenta do Igape, Inega e do Consello de Administración de Xesgalicia

María Jesús Lorenzana Somoza

O presidente da Asociación Clúster Galego
da Industria e Servizos de Apoio ao Desenvolvemento
das Enerxías Renovables e a Sostibilidade
Enerxética (CLUERGAL)

José Ramón Franco Caaveiro

O presidente da Asociación de Industrias do Metal,
e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME)

Justo Sierra Rey



ANEXO I. ACORDO DE ADHESIÓN AO CONSELLO DE ENTIDADES DA BFE

D./D^a _____, en calidade de _____ e
 en _____ representación da _____ entidade
 _____, e domicilio social con NIF
 _____ en _____

DECLARA

Que a entidade asinante está interesada na súa adhesión ao programa **BUSINESS FACTORY ENERGY** subscrito pola Consellería de Economía e Industria e os seus organismos Instituto Galego de Promoción Económica (en diante Igape), o Instituto Enerxético de Galicia (en diante INEGA) e Xesgalicia Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U., (en diante, Xesgalicia), pola Asociación de industrias do metal e tecnoloxías asociadas de Galicia (en diante, ASIME) e pola Asociación clúster gallego de la industria y servicios de apoyo al desarrollo de las energías renovables y la sostenibilidad energética (en diante, CLUERGAL), para o desenvolvemento das actividades que nel se conteñen.

Que coñece o contido das condicións incluídas no referido convenio, entre as que se atopa o seu dereito para ser membro de pleno dereito do Consello de Entidades con iguais dereitos e obrigacións que os demais integrantes do mesmo.

Que asume as obrigacións derivadas da súa participación nas actividades recollidas no convenio, entre as que se atopan:

- Definición dun reto co suficiente detalle como para que poida ser identificado un proxecto que potencialmente poida **aportar unha solución ao devandito reto**.
- Xustificación do encaixe do devandito reto na estratexia da empresa facendo referencia ás vantaxes derivadas da súa solución e, opcionalmente, ás políticas públicas desenvoltas en Galicia.
- Apoio con recursos propios ao proxecto acompañando os recursos públicos postos á disposición por Igape e Xesgalicia. Por exemplo, designando a un mentor responsable do proxecto (e a outros adicionais) cun compromiso de dedicación documentado dun mínimo de ___ horas, accesos ás súas instalacións, apoio comercial, apoio económico, designación dun interim manager, etc.
- Desempeño das devanditas actividades, segundo se describe no convenio, baixo a coordinación xeral do Equipo Xestor e a supervisión do sistema de gobernanza da **BFE**.

Que polo presente documento acepta as obrigacións e dereitos recollidos tanto no convenio como no presente documento e adhírese ao mesmo desde a data da súa sinatura, momento no que empezará a producir efecto.

En _____, a ___ de _____ de 20__

Por parte da entidade,

Por parte de **BFE**



ANEXO II. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A IGAPE PARA A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS SELECCIONADOS NA FASES DE INCUBACIÓN, ACELERACIÓN E CONSOLIDACIÓN

Para determinar a procedencia do pago das axudas a cada beneficiario terase en conta a certificación emitida polo equipo de xestión, relacionando os proxectos incorporados definitivamente á Business Factory.

Coa devandita certificación achegarase, para cada proxecto incorporado á aceleradora, a seguinte documentación:

- NIF da empresa.
- Declaración da titularidade da conta na que se deben realizar os pagos, na que deberá constar a razón social da empresa, o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/ SWIFT).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.
- Escrito relacionando cada proxecto seleccionado coa empresa constituída e o seu representante legal, así como as datas de inicio e final da fase de incubación, aceleración e consolidación.



ANEXO III. MODELO DE CONVENIO PARA A FORMALIZACIÓN DA AXUDA DERIVADA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓN PREVISTAS NO CONVENIO ASINADO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), A SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA) E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA E SERVIZOS DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E A SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA (CLUERGAL) PARA A POSTA EN MARCHA DO FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR DAS ENERXÍAS RENOVABLES (BUSINESS FACTORY ENERGY - BFE)

REUNIDOS:

Dunha parte, Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral, e, en virtude da delegación de facultades conferida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

Doutra parte, D/D^a. _____, con NIF _____, e domicilio para os efectos de notificacións en _____, en nome e representación da empresa _____, promotor do proxecto _____.

EXPOÑEN:

I. Que o Igape, Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, Xesgalicia) e a Asociación de industrias do metal e tecnoloxías asociadas de Galicia (en diante, ASIME) e pola Asociación clúster galego da industria e servizos de apoio ao desenvolvemento das enerxías renovables e a sostibilidade enerxética (en diante, CLUERGAL), asinaron un convenio para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector en Galicia (Business Factory Energy - BFE).

II. Que o citado convenio prevé diversas achegas económicas para os proxectos apoiados no marco do Programa BFE, condición que cumpre o proxecto anteriormente indicado.

III. Con base no exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre a Consellería de Economía e Industria, ASIME e CLUERGAL para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector das enerxías renovables de Galicia e a súa cadea de valor (Business Factory Energy – BFE).

Esta subvención ten por obxectivo o financiamento das actividades a desenvolver polo proxecto durante a fase de incubación e aceleración cunha duración de ata 12 meses do programa BFE.



Incorporarase ao presente convenio un documento descritivo das características particulares do proxecto, segundo o modelo que para ese efecto se facilita.

Segunda- Financiamento e gastos subvencionables

O importe total da axuda para conceder por parte de Igape é dun máximo de 25.000 €, independentemente do itinerario no que fora seleccionado o proxecto.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto segundo as actividades previstas e no período temporal correspondente á fase na que participe o proxecto ou empresa. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de inicio e fin da fase de incubación ou aceleración, definida no documento descritivo incluído no presente convenio.

A modo orientativo, considéranse elixibles os seguintes conceptos:

- Custo de persoal suxeito a relación de carácter laboral, incluídos os promotores do proxecto ata un máximo do 30% do seu custo salarial.
- Custos de participación en feiras, congresos e outras actividades de networking específicas para o proxecto.
- Adquisición de equipamento e material instrumental na medida en que se utilicen para as actividades de aceleración.
- Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais; incluíranse os derivados da obtención de certificacións oficiais necesarias para a viabilidade do proxecto.
- Servizos tecnolóxicos externos.
- Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a saída ao mercado, ou para a procura de investidores.
- Subcontratacións, cun límite máximo do 50% da axuda.

De acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a contía de 15.000,00 € no suposto de subministración de bens de equipo e servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, o que deberá xustificarse expresamente, ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Consideraranse subcontratacións as actuacións contratadas con organismos de investigación ou outras entidades, que supoñan a execución dunha parte das actividades incluídas no programa de



aceleración que constitúe o obxecto da subvención. A subcontratación deberá estar debidamente xustificada e motivada e deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que, en todo caso, esta non poderá superar o límite do 50% do custo total da actividade subvencionada.

Nos casos en que se realice esta subcontratación, os beneficiarios deberán achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con eles, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

No caso de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.

A Xunta de Galicia achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable, para a súa concesión, o cumprimento por parte dos seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios.

Terceira.- Réxime de pagos

Ao amparo do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei, poderanse realizar pagos anticipados, respondendo estes a entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. De acordo co artigo 62.2 do devandito Regulamento, o importe conxunto dos pagamentos anticipados que se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación xustificativa serán fornecidas polo Igape, sendo preciso presentar a documentación de forma ordenada seguindo a estrutura establecida nas devanditas instrucións. A documentación presentarse vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación.

A) Primeiro pago.

Poderase pagar ata un máximo dun 80% da cantidade destinada a cada un dos proxectos seleccionados, de forma anticipada, previa solicitude e entrega completa da seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo que estará á súa disposición facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desouttras axudas.
2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.



3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

Os anticipos deberán xustificarse dentro da anualidade á que correspondan, polo que se a data de xustificación final ten lugar na anualidade posterior á concesión do anticipo, este deberá xustificarse dentro da anualidade na que se concedeu, sendo a data límite o 15 de decembro.

B) Pago final e xustificación.

A cantidade restante destinada a cada un dos proxectos seleccionados pagarase tras a solicitude e xustificación da subvención concedida, con data límite do 15 de novembro do ano en que se finaliza a fase de incubación, aceleración ou consolidación, coa seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse a resolución de concesión desoutas axudas.
2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. No caso de subcontratacións, declaración de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

c) Memoria económica, facilitada polo Instituto Galego de Promoción Económica, na que se relacionarán os gastos realizados coa subvención percibida incluíndo a súa relación coas actividades propostas da fase de aceleración.

d) Documentación xustificativa do gasto: os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa.

e) Documentación xustificativa do pago: os pagos xustificaranse mediante transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios. En ningún caso admitiranse os pagos xustificadas mediante recibo do proveedor.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. En caso en que o documento de pago non faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da



documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto de pago (rastrexabilidade). No caso de que un xustificante de pago inclúa varias facturas, anexarase unha relación detallada delas na que se poida apreciar que o pago se corresponde coas devanditas facturas. En caso de facturas pagas xuntamente con outras non referidas ao plan, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pago da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso admitiranse pagos xustificados mediante recibos do proveedor, pagos por caixa ou en efectivo nin pagos realizados con tarxeta de débito ou crédito non asociada á empresa beneficiaria.

f) Informe final da fase de aceleración do proxecto: xustificarse o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os obxectivos conseguidos. Este informe estará asinado polos representantes da entidade beneficiaria e do Equipo Xestor da BFE.

A entidade poderá achegar calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas.

g) Certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE, só para os casos de que o IVE non sexa recuperable.

Cuarta.- Réxime de garantías

O artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, establece a obrigatoriedade de beneficiarios e entidades colaboradoras, de constitución de garantías, nos casos, entre outros, nos que se prevé a posibilidade de realización de pagos anticipados.

O presente convenio establece o pago anticipado de ata un 80% da cantidade destinada ao financiamento do proxecto, polo que se require autorización do Consello Xunta segundo o establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Considerando que a finalidade que se persegue coa devandita achega é dar apoio aos diferentes proxectos, facilitando a formalización ou constitución dos mesmos en empresas, e reducindo a carga económica que soporta calquera empresa, tanto nas súas orixes, como no inicio da súa actividade, poderá exonerarse da constitución de garantías nos termos que, de ser o caso, autorice o Consello da Xunta de Galicia, conforme o disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009.

Quinta.- Alteración das actuacións

A necesidade de modificar as actuacións para realizar, dado que supón alteración das condicións tidas en conta á hora da concesión, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En calquera caso, só se procederá á citada modificación tras o informe favorable do Comité Executivo de BFE.

O procedemento de aprobación de modificación das actuacións iniciárase coa solicitude por parte do interesado. Na devandita solicitude deberá indicarse o alcance da modificación proposta, de maneira tal que queden claras as actuacións para modificar e o desenvolvemento do proxecto.

Despois de dita solicitude, Igape procederá a recadar o correspondente informe favorable ou visto e prace do Equipo Xestor de BFE.

Tras as anteriores actuacións, Igape aprobará, no seu caso, a modificación proposta.



A anterior modificación, de producirse, formalizarase no correspondente documento ou addenda.

Sexta.- Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Establécese a incompatibilidade das axudas concedidas por Igape a proxectos que participen ou participasen noutros programas de incubación, aceleración ou consolidación financiados con fondos de Xunta de Galicia ou que recibisen financiamento de Igape nos devanditos programas.

Sétima.- Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

- a) Proceder ao reintegro, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións de participación en BFE.
- b) Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar os devanditos órganos relativas ao control financeiro e demais aplicables, así como as levadas a cabo polo órgano concedente, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, segundo o establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Prestar consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega dos datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigacións específicas en materia de información sobre convenios, e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.



- f) Prestar consentimento expreso á publicación na Base de datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- g) Subministrar toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento deste deber serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.
- h) Dar cumprimento ás obrigacións de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Oitava.- Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente procederá o reintegro (total ou parcial) no caso de incumprimento e / ou mal aproveitamento da aceleración por parte dalgún dos proxectos seleccionados na fase final, o que deberá reflectirse nun informe suficientemente motivado.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

Novena.- Mecanismos de seguimento e execución

Para o correcto seguimento das accións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento paritaria entre representantes de Igape e representantes da entidade beneficiaria.

Décima.- Vixencia

O presente convenio estará vixente desde o día da súa sinatura ata a finalización da fase de incubación, aceleración ou consolidación na que fora seleccionado o proxecto, sen posibilidade de prórroga. A vixencia do convenio individual nunca poderá exceder a vixencia do convenio da BFE.

Décimo primeira.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; o disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público, e pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.



Décimo segunda.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do programa BFE.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de firma tomándose como data de firma a do último asinante.

A directora Xeral do Igape

(nome da entidade)

Covadonga Toca Carús



MODELO DE DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS CARACTERÍSTICAS PARTICULARES DO PROXECTO

Denominación do proxecto:

Denominación social e NIF/NIE da empresa:

Relación promotores/NIF/NIE:

Breve descrición do proxecto:

Data inicio/fin fase de incubación/aceleración:

Datas límite para a presentación de documentación:

- Xustificación final: 15 de novembro

Contía da axuda a fondo perdido:

Período elixible do gasto: Desde XX-XX-XX ata o 15 de novembro

Outros datos de interese:



ANEXO IV. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A XESGALICIA PARA A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS SELECCIONADOS NA FASE DE ACELERACIÓN OU CONSOLIDACIÓN

- a) Identificación da/s persoa/s de contacto.
- b) Plan de negocio (formato .doc):
- Promotores do proxecto e experiencia relevante: CV e perfís do equipo fundador, destacando a súa experiencia previa, logros e coñecementos relevantes para o proxecto. Identificación dos administradores.
 - Antecedentes e descrición do proxecto.
 - Produto ou servizo. Procesos produtivos. Instalacións produtivas.
 - Mercado, sector, competencia.
 - Modelo de negocio.
 - Estratexia de comercialización e marketing. Contratos comerciais clave.
 - Persoal actual da empresa e previsión de evolución do persoal.
 - Investimento previsto e financiamento do proxecto.
 - Plan financeiro con estados financeiros previsionais, como mínimo, de 4 exercicios (modelo facilitado por Xesgalicia en formato Excel).
 - Estado de tesouraría mensual do primeiro ano a contar desde a situación actual (en formato Excel).
 - Resumo executivo dos anteriores elementos (modelo facilitado por Xesgalicia en formato Power Point).
- c) Documentación financeira:
- Contas anuais aprobadas e, no seu caso, auditadas, dos últimos 3 exercicios económicos pechados. No caso de que a empresa teña menos de 3 anos de antigüidade, aportaranse as contas anuais de todos os exercicios pechados desde a súa constitución.
 - Balance, conta de Perdas e Ganancias e estados de tesouraría a data de peche do último trimestre do exercicio corrente.
 - Pool bancario ás datas de peche do último trimestre e do último exercicio económico pechado.
 - Orzamento do exercicio corrente.
 - Informe CIRBE do Banco de España.
 - Relación de todas as axudas públicas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para o mesmo proxecto e, en particular, ao IGAPE. Certificado de non ter débedas co citado Instituto.
 - Financiamento público e privado previsto, solicitado e/ou obtido para o proxecto
- d) Documentación xurídica:
- Escritura de constitución e estatutos vixentes da sociedade.
 - Composición do capital e órganos de administración.
 - Copia do libro de rexistro de socios
 - Certificado de estar ao corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
 - Declaración xurada relativa aos litixios nos que sexa parte a sociedade, os seus socios e/ou administradores.
 - Pacto de socios previos e se fose o caso, compromisos adquiridos por outras aceleradoras
 - Documento LOPD (modelo facilitado por Xesgalicia).
- e) Documentación a efectos da prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo (PBLAC):
- Formulario de Identificación do cliente (Modelo facilitado por Xesgalicia).
 - Acta de titularidade real
 - CIF definitivo
 - DNI (ou equivalente) do representante da Sociedade ou dos titulares reais.



- Certificado de titularidade de conta corrente que inclúa a totalidade dos seus titulares.
- f) Outra documentación:
- Documentación relativa á propiedade da tecnoloxía e/ou aos dereitos de explotación da mesma.
 - No caso de achegas non dinerarias, documentación da valoración de dicha activos
 - Adhesión ao regulamento interno de publicidade (modelo facilitado por Xesgalicia)
 - Autorización do uso do logo da empresa por parte de Xesgalicia.

Poderase solicitar toda documentación ou información necesaria para o coñecemento e correcta comprensión do plan de negocio ou da situación económica, financeira e legal da empresa.

A documentación do plan de negocio deberá presentarse en galego ou en castelán, os importes en euros e deberá estar asinada polo representante legal da empresa.

A documentación presentada nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberá vir traducida por intérprete xurado.

Non se poderá utilizar o nome de Xesgalicia para outros financiamentos que se poidan solicitar para o proxecto, salvo que isto sexa expresamente autorizado por Xesgalicia, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña o non financiamento do proxecto, calquera que sexa a causa.



ANEXO V. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A IGAPE, RELATIVA AOS GASTOS SOPORTADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA BFE, PARA O PAGO DA COMPENSACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DA 1ª, 2ª E 3ª EDICIÓN.

Para o pago da cantidade prevista na cláusula décimo quinta relativa á compensación de parte dos gastos incorridos para o desenvolvemento dos diferentes itinerarios do programa, ASIME e CLUERGAL deberán presentar cada trimestre, a seguinte documentación, relativa aos gastos producidos ata dita data non incluídos en certificacións anteriores:

- Solicitud de pago.
- As solicitudes de pago acompañaranse con senllas memorias comprensivas das actividades levadas a cabo para o desenvolvemento das diferentes fases do programa **BFE**, que conterán como mínimo a seguinte información:
 - Memoria descriptiva: desenvolvemento das actividades do convenio.
 - Memoria económica: acreditación dos gastos soportados e pagos realizados para o desenvolvemento das diferentes fases. Xunto cun cadro resumen do gasto acreditado, a xustificación terá lugar mediante a presentación dos xustificantes dos gastos recibidos dos diferentes provedores, e da xustificación da realización do pago (transferencia, certificación bancaria orixinal ou extractos de pago). Ao mesmo tempo, a xustificación de gastos de persoal realizarase por medio de certificado do persoal asignado ao proxecto, xunto coas nóminas e seguros sociais. Esta xustificación documental poderá ser substituída por informe de auditor inscrito no ROAC que acredite a realización dos gastos segundo o convenio dentro do período que se xustifica.

Xunto coa primeira solicitude, as entidades deberán achegar os seguintes documentos:

- NIF da entidade.
- Certificado de titularidade da conta na que se deben realizar os pagos. No devandito certificado deberá constar a razón social da entidade, o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/SWIFT).
- Certificacións de estar ao corrente dos deberes tributarios estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. De ser o caso, ditas certificacións actualizaranse ao momento da presentación da segunda e terceira solicitudes de pago.
- De ser o caso, documentación acreditativa de exención de IVE ou da porcentaxe de pro rata a aplicar para o exercicio correspondente. (certificado de exención ou modelo 390).

A tipoloxía de gastos divídese en:

- Custos propios.
- Custos indirectos (10% sobre custos propios).
- Servizos externos.

A data límite de xustificación será dentro dos quince primeiros días do mes seguinte ao de finalización do trimestre, a excepción do último trimestre de cada ano, cuxa data límite de xustificación será como máximo o 1 de decembro.



ANEXO VI – CADRO DE INDICADORES DE FUNCIONAMENTO DA BFE

Os indicadores aquí presentados están relacionados coas actividades definidas no convenio. Os resultados esperados por edición serán:

Actividade 2: captación e selección de proxectos.

- ≥ 40 proxectos recibidos.
- 30 proxectos preseleccionados para entrevistas.
- 20 proxectos participantes no Startup Day.
- Cobertura da totalidade dos itinerarios.

Actividade 3: execución do itinerario.

- 4 probas de concepto realizadas.
- ≥ 10 sesións de mentorización por proxecto.
- ≥ 100 horas de mentorización acumuladas.
- ≥ 4 proxectos inician colaboración coas tractoras.
- 2/3 de proxectos continúan traxectoria.

Actividade 4: actividades formativas e de networking.

- ≥ 12 actividades transversais.
- ≥ 2 eventos de networking.
- ≥ 100 horas de formación e networking acumuladas.

